



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA UCGAL PARA A PROMOCIÓN E O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN E RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES A TRAVÉS DA MEDIACIÓN E A ARBIRAXE, NAS OFICINAS COAS QUE CONTA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A XERENTE
DO INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

DECLARA:

Que este INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar coa UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA UCGAL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo con retroacción dos seus efectos dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023 .

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

“Establecer as bases de colaboración, cooperación e coordinación entre o INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA e a UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA UCGAL para promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións dos consumidores galegos a través da mediación e a arbitraje de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, a tramitación posterior ó órgano encargado de resolver”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que o Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, menciona entre as súas funcións e competencias as que, de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, correspóndenlle ao IGCC. Segundo o artigo 49 da citada Lei 2/2012, a administración competente en materia de consumo, elaborará plans e programas de actuación, en especial a través de novas tecnoloxías, conducentes á formación directa dirixida a todas as colectividade interesadas e, de modo especial, aos colectivos definidos como de protección especial.

Así mesmo, a Lei 2/2012 no seu artigo 50 habilita aos órganos competentes en materia de consumo para establecer a colaboración coas entidades públicas e privadas autonómicas, estatais, comunitarias e internacionais, á hora de levar a cabo os diferentes plans e programas formativos e educativos en materia de consumo.

Segundo.- Que a estratexia de protección ás persoas consumidoras para o período 2020/2025, ten por obxecto alcanzar un alto nivel de protección na nosa Comunidade Autónoma enmarcándose na “Nova Axenda Europea do





Consumidor 2020-2025”; e neste sentido, comparte os obxectivos contemplados na mesma e encadrado dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma en materia de protección das persoas consumidoras.

Contempla tres ámbitos de actuación, que son os seguintes:

- Transformación Dixital
- **Persoas consumidoras vulnerables**
- Formación e Educación sostible, económica, integral e inclusiva

Así, dentro do ámbito de persoas consumidoras vulnerables contéplase a realización dun plan formativo para colectivos vulnerables e diferentes programas entre os que se atopa o denominado ConsumoAccesible, que se dirixe a persoas con discapacidade e en situación de pobreza ou exclusión social.

Terceiro.- Que segundo o artigo 6 dos Estatutos reguladores da ONCE (Orde SCB/1240/2019, do 18 de decembro , pola que se publica o texto refundido dos Estatutos da Organización Nacional de Cegos Españois) son fins da corporación, entre outros, a consecución da autonomía persoal, a rehabilitación, a plena inclusión social e os dereitos da cidadanía, a igualdade de oportunidades e non discriminación e a minimización do impacto que a cegueira ou a deficiencia visual grave presenta na vida dos seus afiliados e afiliadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe .

